


cooperación pobo a pobo



72

revista periódica · decembro 2019

UNHA GRAN DESORDE BAIXO OS CEOS

ECUADOR: O ESGOTAMENTO DUN MODELO

O LABORATORIO NEOLIBERAL DO AMORODO DE HUELVA

SUMARIO

3 Unha gran desorde baixo os ceos

5 Ecuador: O esgotamento dun modelo de control social

8 O laboratorio neoliberal do amorodo de Huelva

11 O modelo agroindustrial e os incendios amazónicos

13 Entrevista a Miriam Nobre



16 Defensa dos ríos Oxec e Cahabón

18 Documental 'As sementes de Berta Cáceres'

19 Pluriverso. Un diccionario do post-desenvolvemento

A reacción popular obedeceu a causas moi profundas que teñen nome: neoliberalismo/ extractivismo/ acumulación por despoxo

Os debates dentro da esquerda formulan se é máis importante empezar pola loita de clase, a loita contra o racismo, contra o patriarcado ou contra o "desarrollismo"

As mulleres son a variable de axuste nun sistema que fai imposible a vida. Hai que fortalecer as iniciativas de resistencia, crear relacións entre si e contar con territorios de liberdade nun momento de tanto acoso e odio

As empresas Oxec, ante estas denuncias, reaccionan ameazando e criminalizando sistematicamente aos opositores aos seus proxectos

EDITA
Entrepobos · Asociación declarada
de utilidade pública UP-78093-SD
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Esteva&Estêvão

DEPÓSITO LEGAL
B-21094-89
Entrepobos non se identifica
necesariamente coas opinións
expresadas nos artigos do presente boletín

FOTO DA PORTADA
Marcha indíxena en Quito · Ecuador
Rodrigo Buendía · Latinoamérica Pienso



AXÚDANOS A INCORPORAR A ENTREPOBOS NOVAS SOCÍAS E SOCIOS

ASÓCIACHE E COLABORA ACTIVAMENTE Boletín de subscripción na contraportada

Necesitamos o teu apoio para crecer e seguir garantindo a nosa acción solidaria
con **AUTONOMÍA e INDEPENDENCIA**



Unha gran desorde baixo os ceos



Raúl Zibechi

O aumento do prezo da pasaxe de autobús en Santiago era de 30 pesos (un dólar son 720 pesos), elevando o custo a 830. É evidente que a reacción popular non foi por eses 0.04 dólares por billete, senón que obedeceu a causas moi profundas que teñen nome: neoliberalismo/ extractivismo/ acumulación por despoxo

O levantamento en Quito foi, formalmente, contra o fin dos subsidios aos combustibles, que sempre encarecen os alimentos e fan subir os prezos. Os pobos orixinarios e os traballadores aproveitaron a fenda aberta polos transportistas, que non teñen intereses populares senón corporativos, para lanzarse á base do modelo.

En ambos os dous casos, e en moitos outros, o que está a suceder é que os pobos están fartos dunha desigualdade que non para de medrar baixo gobernos dos máis diversos signos. Porque a desigualdade é estrutural e está ligada de xeito estreito ao modelo extractivista, que se resume en polarización social, pobreza crecente e concentración de poder nas élites financeiras e as grandes empresas multinacionais.

As xigantescas mobilizacións populares, en Quito, en Santiago, en Puerto Príncipe, por non falar de Barcelona, Hong Kong e París, amosan dúas cousas que están pautando a situación: o poder que adquiriu a mobilización popular, sendo quen de configurar fondas viraxes políticas, e que as accións colectivas transcenden gobernos, cuestionando un modelo que produce miseria abaixo e luxo enriba.

Para ser máis precisos: xuño 2013, con 20 millóns de brasileiros nas rúas en 350 cidades, foi un berro contra a desigualdade que sepul-

tou a gobernabilidade lulista ao non ter comprendido o goberno a profundidade do clamor. Decembro de 2017 foi clave, pero nun sentido inverso, xa que sepultou a gobernabilidade conservadora e clasista de Macri (<https://bit.ly/2MWWWh4M>).

Porén, esas apreciacións seguen sendo xerais e non tocan o central. Camiñar polas rúas de Quito estes días de outubro, onde permanece o olor pegañento do fume das rodas queimadas, lévate á reflexión. Os intercambios con persoas dos máis diversos movementos, rurais e urbanos disipa a néboa da confusión sistémica na que nos movemos.

A primeira apreciación é que no levantamento xogaron un papel decisivo as mulleres e os mozos, que desbordaron aos dirixentes históricos. Elas protagonizaron a maior marcha de mulleres na historia de Ecuador, aportando os saberes da reprodución e o coidado da vida, sumando lucidez ao fervor xuvenil sen menoscabo da combatividade.

A segunda é a diferenza entre un levantamento organizado e un estoupido espontáneo. A Confederación de Nacionalidades Indíxenas de Ecuador (Conaie) é unha organización de base comunitaria, moi ben estruturada e por iso tivo a capacidade para sacar os provocadores das marchas, mesmo os encapuchados. Algo



Protestas en Colombia

que non está sendo posible en Chile, onde as manifestacións son sistematicamente infiltradas por axentes da policía que alentan saqueos que volven á poboación en contra das protestas.

A terceira é que o levantamento foi posible grazas ás comunidades rurais en primeiro lugar, que aportaron o necesario para asegurar a permanencia durante 12 días na afastada Quito. Dúas forzas destacaron: as comunidades da serra central, ao norte e ao sur da capital, e os pobos amazónicos, cuxa chegada organizada como garda indíxena foi decisiva nas xornadas finais.

Tamén houbo unha presenza importante das comunidades urbanas, os barrios pobres onde a mocidade xogou un papel activo e decisivo. Un sector das clases medias urbanas superou o racismo fomentado polos medios e apoiou con auga e alimentos aos pobos orixinarios.

Por último, está a interpretación do que vén sucedendo. Entre as diversas análises, creo que a máis profunda é a que ensaia Juan Cuví e os seus colegas, nun traballo titulado *El agotamiento de un modelo de control social* (<https://bit.ly/2W6nLsV>). Este modelo

naceu a comezo da década de 2000 con Lucio Gutiérrez e foi desenvolvido na década de Rafael Correa.

En efecto, **o modelo está en crise, pero non se albisca nada que o poida substituír a curto prazo. Por iso o caos en curso, que durará un tempo imprevisible, ata que maduren as forzas capaces de superalo.** Debemos pensar en términos de décadas, máis que de anos e, aínda menos, comprimir os cambios en curso aos tempos electorais. Tampouco podemos pensar que o que veña será necesariamente mellor que o que caduca.

Unha gran desorde, como sinalaba Mao Zedong, pode ser algo positivo. Unha gran orden é o cemiterio social que necesitan os capitais para seguir acumulando. Non abonda coa desorde para modificar as cousas. O sistema conta coa protesta social para reconducila cara aos seus intereses, aproveitando a confusión que lle pode ser funcional, se non atopamos o xeito de converter a coxuntura nun escenario favorable aos pobos. 🤖

Artículo publicado en *La Jornada* (México)



Ecuador: O esgotamento dun modelo de control social



J. Cuvi,
E. Arteaga
J. Cueva
X. Maldonado
Sin Permiso

Fin dun goberno ou fin dun réxime?

so é o que se ten que definir a raíz do levantamento indíxena que acaba de convulsionar o país. Se entendemos un réxime como o modelo de estruturación das relacións de poder durante un período determinado, podemos afirmar que o réxime actual se inaugurou co ascenso ao poder de Lucio Gutiérrez en 2002. Nese momento foi determinante a irrupción do movemento indíxena, que se viña mobilizando dende unha década atrás.

Gutiérrez foi un militar golpista que se embarcou no movemento indíxena para chegar ao goberno. Durante a súa administración definíronse as liñas xerais do que sería o réxime para os seguintes anos: subordinación prioritaria ao capitalismo chinés (sen abandonar a vella dependencia do capitalismo gringo), extractivismo, acumulación de capital coa intermediación do Estado, neutralización da resistencia indíxena, maior concentración da riqueza, políticas clientelares para reducir a conflitividade social. Os

gobernos que se sucederon durante os últimos 17 anos cumpriron con relativa uniformidade este patrón de dominación.

O esquema funcionou mentres abundaron os recursos públicos produto da bonanza petroleira. Xa dende o goberno de Gutiérrez se rexistrou unha mellora notable de varios indicadores sociais e macroeconómicos. Non só por comparación co desastre previo, senón porque a dispoñibilidade de fondos públicos permitiu iniciar a aplicación de políticas de recuperación económica. Nese sentido, a caída do seu goberno en 2005 obedeceu máis a un desacordo respecto do proceso de acumulación de capital que a un esgotamento da súa administración.

Estes desacordos foron habilmente resolto durante os dez anos de goberno de Rafael Correa. Nese período houbo unha maior dispoñibilidade de recursos públicos e Correa acadou o beneplácito previo dos maiores grupos de presión económica do país. Á marxe da súa re-



tórica anti sistémica, o primeiro goberno de Alianza País facilitou un proceso de acumulación inédito na historia de Ecuador.

O modelo, non obstante, empezou a amosar as súas coseduras en 2014, unha vez que os prezos internacionais do petróleo se desplomaron. Como a presión dos grupos de poder non cedía, o goberno viuse na obriga de tomar algunhas medidas que reactivaron os aliñamentos neoliberais do pasado: endebedamento agresivo, explotación do Yasuní, alianzas público-privadas, visita de Hilary Clinton para restablecer pontes cos Estados Unidos, invitación a un “monitoreo” do FMI e, finalmente, subscripción dun TLC coa Unión Europea.

A reacción social puido conterse grazas a un endebedamento externo opaco e irresponsable, que permitiu manter a liña de gasto clientelar cara aos sectores populares. Dito doutro xeito, o goberno de Correa/Alianza País tirou para adiante coa imposibilidade de soste-lo modelo. Acantoados polos escándalos de corrupción, apostou pola impunidad promovendo a candidatura do seu vicepresidente, Lenin Moreno.

HERDANZA E RESPONSABILIDADE DE LENIN MORENO

Moreno herdou unha economía colapsada; iso é certo. Recoñeceuno nin ben tomou posesión coa célebre frase de que “non lle deixaran ningunha mesa servida”. Non obstante, e á marxe de querer descargarse das súas responsabilidades como sucesor de Correa, tivo que darlle continuidade a un modelo que persistiu máis alá da súa vontade. Os grupos de poder que se beneficiaran da bonanza dende 2002 (incluíndo as empresas transacionais, especialmente as chinesas, a partir da segunda década) seguían marcando o rumbo da economía. O custe da crise, en tales circunstancias, debía botar man dunha resposta que non puxera en risco o esquema de acumulación capitalista acordado dende a época de Gutiérrez.

Os problemas estruturais sen resolver tiñan que aflorar tarde ou cedo: unha economía campesiña que non foi impulsada nin recoñecida cunha reforma agraria integral, senón coa entrega de paquetes de compensación para incluíla na gran revolución verde (kits de fertilizantes, fortalecemento de grupos monopólicos de produción e comercialización de alimentos como Pronaca e La Favorita/Supermaxi, subordinación da alimentación escolar á gran empresa, reemplazo da alimentación escolar manexada polas familias nas comunidades, destrución do seguro social campesiño), sectores indíxenas e afroecuatorianos cos peores indicadores sociais do país e da rexión, desemprego, marxinalidade urbana crecente, matriz produtiva primario-exportadora, é dicir, un caldo de cultivo para o estourido social.

Hai que sinalar que, a diferenza do escenario do levantamento indíxena do ano 90, hoxe Ecuador está moito máis permeabilizado polo narcotráfico como factor político. En 2017 vivimos o asasinato de tres xornalistas na fronteira norte, a mans dun grupo disidente da guerrilla colombiana dedicado ao tráfico de estupefacientes; o país rexistra a escalofriante cifra de 42.000 desaparecidos; o poder dos sicarios e o crime organizado incrementáronse nos últimos anos.

O que vén de suceder era previsible pola continuidade e profundización do goberno de Alianza País. **Durante dous anos o goberno de Moreno recorreu a unha desesperante ambigüidade para evitar decisións estratéxicas que comprometeran a súa imaxe interna. Mentres tanto, os sectores empresariais de dereita ían pouco a pouco colonizando a administración pública, á par que a crise económica se volvía cada vez máis inmanexable.** En algo si coincidían todos os expertos: o modelo non daba máis de si. Noutros termos, o réxime instaurado a inicios de século esgotárase.

O que non era previsible foi a brutal represión coa que se intentou frear a mobilización do pobo (nacionalidades indíxenas, comunidades, barrios populares). Ata a data de hoxe rexistráronse





alomenos oito mortos, centos de feridos, nenos e nenas perdidos e atendidos en puntos de saúde improvisados, centros de saúde coa prohibición de dar información debido ao estado de excepción, ameazas aos servidores públicos de perder os seus postos se saen a atender. Durante doce días instaurouse un auténtico terrorismo de Estado, na mesma tónica coa que responderon os últimos gobernos ás mobilizacións indíxenas: represión indiscriminada, militarización do espazo público, guerra informática, simboloxía racista.

Finalmente, a solidariedade das clases medias e populares nas rúas de Quito, brindando albergue, alimentos e provisións aos indíxenas mobilizados, amósanos que o guion racista da dereita empresarial non callou. A xigantesca marcha das mulleres o día previo á instalación do diálogo entre o goberno e a Conaie, dá mostra dunha reacción social que foi determinante para forzar unha saída negociada, nun momento no que a teimosía do goberno e as accións violentas de grupos de delinquentes fixeran incontrolable o conflito.

A PLURINACIONALIDADE Á ORDE DO DÍA

O desenlace das mobilizacións foi, sen lugar a dúbidas, un triunfo do movemento indíxena, empezando porque fixeron sentar o Presidente da República nunha mesa común para establecer un diálogo público. Non só se derogou o Decreto 883 que foi o detonante das protestas, senón que se empezaron a discutir alternativas para saír da crise económica sen golpear aínda máis os sectores populares.

A marcha de miles de mulleres encabezada por Blanca Chancoso, un referente histórico dos pobos e nacionalidades indíxenas, que invadiu o centro financeiro da capital para visibilizar o que os medios empresariais quixeron minimizar, evidencia a diversidade das solidariedades e desmonta o imaxinario de marginalidade que as elites queren apoñerlle ao movemento indíxena. Estas expresións volven colocar sobre o tapete a axenda pendente da plurinacionalidade.

A solidariedade dos quiteños cos indíxenas mobilizados desbordou as expectativas. En varias universidades déuselle aloxamento, protección e alimento a miles de mulleres, nenos e homes que, durante doce días, resistiron a represión nas rúas. Foron grupos de mozos e mozas estudantes os que asumiron un compromiso non só humanitario, senón político: o recoñecemento dos dereitos colectivos dun sector social que non veu a invadirnos, como perversamente quixeron describilo as elites máis reaccionarias e racistas da cidade, senón a presentarnos unha realidade diferente. Unha realidade que é parte substancial deste país.

Se durante doce anos o goberno de Alianza País intentou reducir o suxeito colectivo á individualidade cidadá, o paro nacional liderado polos indíxenas restaura en nós o valor da comunidade: o parque “del Arbolito” coas súas cocinas comunitarias, as universidades convertidas en zonas de paz e acollida, o sustento das mulleres e o coidado compartido.

Os días de mobilización deixan outra ensinanza fundamental: **aquela xuventude urbana que durante unha década viviu adormecida polo consumismo, experimentou en carne propia a lóxica de dominación do sistema:** represión, brutalidade policial, desprezo da diferenza. Tamén descubriron que, máis alá dos muros simbólicos das urbes, hai un mundo que desafia a ofensiva depredadora do capitalismo, que coída a auga, a natureza e a biodiversidade, que se opón con razón á ofensiva mineira e petroleira.

A visión paternalista das clases medias urbanas cambiará. Non se trata de caridade, senón de xustiza. A débeda de máis de 500 anos non pode esquivarse cunha resposta administrativa e asistencial dende o Estado. As demandas dos pobos e nacionalidades indíxenas cuestionan un modelo de Estado que os exclúe de forma sistemática; non queren programas e obras, senón unha reestruturación das formas de poder. Despois do levantamento de outubro, o movemento indíxena fortalécese, non só pola súa cohesión e capacidade organizativa, senón por ter xerado unha solidariedade enorme noutros sectores do país. 🧡

Artículo publicado en outubro 2019 na revista *Sin Permiso*.





O laboratorio neoliberal do amorodo de Huelva

Pastora Filigrana

Abogadas.coop e activista de Dereitos Humanos

Os debates dentro da esquerda formulan se é máis importante empezar pola loita de clase, a loita contra o racismo, contra o patriarcado ou contra o “desarrollismo”

Moitos destes debates buscan unha resposta unívoca do tipo: “A clase no centro” ou “o racial é o determinante”. A polarización nos debates obvia algo esencial e é que estas son realidades entrecruzadas, indisolubles que se encarnan nos corpos de traballadores, e que se manifesta con maior violencia dependendo do xénero e a orixe.

Cando dicimos que o neoliberalismo se basea na explotación do traballo, asalariado ou non, e que esta explotación se realiza entrecruzando diferentes eixes de opresión, como son o xénero e a raza, non estamos dicindo algo abstracto e intanxible. **Esta evidencia da alianza opresiva entre clase-raza-xénero pode verse, ulirse e tocarse** a escasos kilómetros da Sevilla natal desta publicación: na macro explotación do froito vermello de Huelva. Ademais, esta acumulación de riquezas non só necesita a explotación do traballo vivo, senón que necesita tamén a sobre-explotación da terra e os recursos naturais. A agricultura intensiva do froito vermello en Huelva é un claro exemplo de todo isto.

A EXPLOTACIÓN LABORAL DO AMORODO

En Huelva dedícanse once mil hectáreas ao cultivo do froito vermello, aínda que popularmente coñécese como o amorodo. Huelva produce o 100% da framboesa española, o 96% dos arandos e o 97% do amorodo. Durante os meses de marzo a maio lévese a cabo a recolección da froita, unha tarefa que, calcúlase, necesita máis de oitenta mil persoas traballando. Os beneficios que supón o cultivo deste froito para a comarca onubense ascenden a catrocentos millóns de euros.

As empresas que conforman a patronal do amorodo, igual que calquera patronal, teñen dous recursos dispoñibles para aumentar os seus beneficios: a innovación tecnolóxica e o abaratamento do salario. A innovación tecnolóxica nun proxecto empresarial como este é moi limitada. Cultivar baixo os invernadoiros, os famosos plásticos, supuxo no seu día unha destas innovacións tecnolóxicas que disparou os beneficios porque permitiu producir amorodos fóra do seu ciclo na-



tural. Porén, a innovación tecnolóxica toca teito e, máxime na recolección e pola propia delicadeza do froito, non permite usar máquinas. O único recurso que ten a patronal para aumentar beneficios é, polo tanto, o salario, é dicir, pagar o menos posible polo maior traballo posible. Vexamos as estratexias utilizadas para este abarata-mento salarial que revirte directamente nas ganancias da empresa:

1. O Convenio do campo de Huelva é o que establece o salario máis baixo para este labor no Estado español. Na actualidade o salario día para unha xornada de traballo é de corenta e dous euros, un prezo por debaixo do novo salario mínimo inter-

canto acabe a campaña. Na parte do salario legal que a patronal non paga a estas traballadoras está a ganancia empresarial.

A EXPLOTACIÓN RACIAL DO AMORODO

Como se vén expoñendo, un dos recursos do capital para obter maiores beneficios é abaratar salarios e isto será máis fácil canto máis extremas sexan as condicións vitais das persoas traballadoras. Segundo a orde económica mundial, as persoas fillas da colonia, é dicir, non occidentais, sempre estarán en desvantaxe económica respecto a occidente.



Martín Naranjo, La Mar de Onuba

profesional. Para que puidera pactarse un salario maior sería necesario que os sindicatos negociaran con presión fronte á patronal. A realidade é que os sindicatos maioritarios asinantes do Convenio foxen desta confrontación e temen romper a paz social da industria máis importante da provincia. Os sindicatos minoritarios, cunha tradición máis combativa, teñen pouca representación na comarca, principalmente porque a poboación xornaleira é inmigrante con moita mobilidade e dificilmente quedan a construír sindicatos.

2. Outro dos recursos para abaratar o salario serviuno en bandeja a propia lei de estranxeiría. Esta lei permite a contratación de persoas traballadoras no seu país de orixe que virán directamente para a campaña de recollida da froita e marcharán cando esta acabe. Este ano viñeron máis de 19 000 mulleres marroquís a través desta posibilidade que outorga a lei de estranxeiría. **As xornaleiras descoñecen o Convenio e gran parte dos seus dereitos, viven en situacións de illamento nos predios e ocúltanlles os mecanismos que deben activar no caso de que sufran algún abuso empresarial.** En teoría deben cobrar o salario que se establece no Convenio do campo na provincia, pero segundo os seus testemuños rara vez o cobran e as súas posibilidades de reclamar xudicialmente son escasas porque, entre outros motivos, serán devoltas en

O mundo funciona pola sustracción sistemática de recursos materiais e humanos de dúas terceiras partes da poboación mundial cara a unha primeira parte. Esta ordenación económica, que comeza no século XV coa expansión do capitalismo, situou na xerarquía da pirámide social a poboación europea branca e as poboacións do resto do mundo quedaron convertidas en colonias produtoras de materias primas e corpos traballadores baratos a prol do desenvolvemento da Europa branca. É por isto que o racismo é un factor de ordenación da riqueza no mundo e non só unha actitude de intolerancia dos diferentes como adoita usarse coloquialmente. Por iso sempre é máis barato contratar persoas migrantes: porque son máis pobres.

O contrato en orixe de persoas traballadoras inmigrantes empezouse a utilizar con poboación de Europa do Leste e as xornaleiras eran polacas, lituanas ou ucraínas. No ano 2006 decidiuse cambiar por poboación marroquí e o acordo faise dende entón co Reino de Marrocos. Esta decisión non foi casual. As traballadoras de Europa do Leste eran *problemáticas*, esixían dereitos, saían de noite, querían quedar despois da campaña e ata botaban noivos onubenses. As marroquís presentábanse como unha opción máis dócil: son musulmás, saen menos, deben respecto ás súas familias e maridos, non se criaron no comunismo e están *naturalmente* afeitas a servir sen protestar.



Isto é o racismo e o colonialismo como estratexia de explotación a favor dos intereses do capital.

A EXPLOTACIÓN DE XÉNERO NO AMORODO

A patronal do amorodo só quere mulleres. Como dicíamos ao principio, durante a recollida do amorodo requirense varios miles de persoas traballando. Moitas delas son mulleres e homes autóctonos, pero para os postos que non se chegan a cubrir coa poboación autóctona precísase a contratación de persoas inmigrantes. Para isto é para o que se utiliza a contratación en orixe.

Ao Goberno marroquí fánselle chegar as necesidades de man de obra de cada empresa e encargaranse dunha preselección en orixe. Hai unha calidade na que coinciden ao 100% todas as empresas: que sexan mulleres. Ademais, requirese que teñan familia ao seu cargo no seu país de orixe, alomenos un fillo menor de 12 anos. Os empresarios xustifican a decisión pola delicadeza que require o traballo de recollida do amorodo. A realidade que se oculta detrás é que no imaxinario machista considérase que unha muller será menos conflitiva sindicalmente que un home á hora de reclamar os seus dereitos. Se a isto ademais se lle suma que é unha muller pobre, que polo mesmo traballo de recolección no seu país cobra un xornal de sete euros, que ten fillos ao seu cargo e unha familia musulmá, a súa docilidade será maior.

A infantilización no trato é moi común: mesmo en declaracións públicas, os empresarios falan de *castigos* ás traballadoras en lugar de sancións laborais. **A muller pobre, musulmá, inmigrante e con fillo ao seu cargo, convértese no suxeito perfecto para abaratar salarios e condicións laborais**, en xeral, sen temor a unha resposta sindical organizada. Cando falamos da alianza entre o capital e o patriarcado non é só unha consigna, é isto.

A SOBREEXPLOTACIÓN DA TERRA NO AMORODO

A produción do amorodo está regada coas augas subterráneas que nutren as lagoas e os ecosistemas do Parque Nacional de Doñana. A Junta de Andalucía reconece que o 15% destes regos son ilegais, pero as asociacións ecoloxistas que traballan na zona manteñen que o 30% das plantacións de amorodo se nutren de acuíferos ilegais que afectan directamente ao Parque Natural. Isto supón que unha de cada tres hectáreas de plantacións de froito vermello se rega ilegalmente a costa das augas subterráneas do Parque. Na actualidade, España enfrontase a unha sanción por incumplir a normativa europea sobre augas. Non obstante, a Junta de Andalucía négase a declarar a zona con acuíferos sobreexplotados nunha nidia connivencia cos intereses da patronal do amorodo.

Este esgotamento dos acuíferos repercute directamente na perda de biodiversidade. A supervivencia de varias especies autóctonas de aves, mamíferos, plantas e insectos está en perigo. Isto non vai de salvar *paxariños* desmontando a economía local e a renda de moitas familias. Isto vai de que a perda de biodiversidade repercute na desaparición do ecosistema que nos procura o alimento, a auga e a saúde. Estamos cortando a póla da árbore sobre a que estamos sentadas.

Do aquí contado pódese concluir que a ganancia da patronal do amorodo pasa polo abaratamento das condicións de traballo das xornaleiras e xornaleiros. E que, para que este ataque aos dereitos de persoas traballadoras xere a menor protesta posible, se escollen as persoas nunha situación de vulnerabilidade maior. Nun sistema-mundo patriarcal e racista as persoas nunha situación de maior vulnerabilidade son as persoas non-brancas que non habitan en Occidente, a migración e, de entre estas xentes, as mulleres. Pobreza, machismo, racismo e insustentabilidade da terra ao servizo da ganancia do capital. 🍌🍌



O modelo agroindustrial e os incendios amazónicos

Elizabeth Bravo

Acción Ecolóxica

Os múltiples incendios que azoutaron o pasado agosto a Amazonia e outros biomas como o Chaco e o Pantanal en Brasil, Bolivia e Paraguai, son un síntoma dos graves problemas xerados polo sistema agrícola-industrial que se impuxo nesta rexión de América do Sur, e que forma parte do entramado no que se sustenta o capitalismo agroalimentario mundial

A Amazonia brasileira é escenario de incendios de grande magnitude dende hai moitos anos. Por exemplo, durante o ano 2016, que foi especialmente seco, vivíronse unha gran cantidade de incendios nesa rexión, pero no 2019 non houbo seca.

Aínda que as razóns para que se produzan estes incendios son complexas e con diversas causas, a expansión do agronegocio, agravada polo cambio climático, é unha das causas principais.

Esta situación empeorou coas políticas establecidas polo presidente de Brasil, que dende a súa campaña electoral amosou un gran descoñecemento sobre as problemáticas ambientais e sociais da Amazonia. Jair Bolsonaro outorgou patente de curso aos grandes terratenentes e empresarios do sector agropecuario, para transformar a selva en grandes zonas de pastoreo e de plantacións comerciais. Co novo presidente de Brasil aumentou a ocupación ilegal de terras amazónicas e a deforestación incrementouse nun 273%, todo iso permite especular con elas e vendelas ou ampliar a fronteira agroindustrial (pastos, palma, soia principalmente).


Dentro deste modelo hai que destacar a industria gandeira que se desenvolveu na zona que agora arde. A industria da carne é a responsable do 14% da deforestación global anual en Brasil, con porcentaxes similares en Paraguai. Brasil é o segundo produtor e o primeiro ex-

portador de carne de res do mundo; os reis da carne son brasileiros. A empresa JBS-Friboi foi a maior produtora e exportadora de carne do mundo, sendo China o seu principal cliente. Esta empresa controla o 10% da produción de carne de vacún do mundo, ademais de carne porcina, ovina e de polo, e procesamento de coiros. Foi asociada co pagamento de coimas a políticos, e cada día ten máis poder con Jair Bolsonaro.

JBS-Friboi foi acusada de comprar gando criado en terras amazónicas deforestadas para o pastoreo, mediante queima ou outros métodos cuestionados. A chegada de Bolsonaro ao poder, e o seu apoio á agroindustria por riba da protección ambiental, disparou o poder de JBS. Este grupo puxo á Ministra de Agricultura, Tereza Cristina Dias, coñecida como “musa do veneno”, polo seu apoio aos agrotóxicos, foi acusada de eximir de impostos e facer negocios persoais con JBS. Mentres o seu poder e ganancias medran, o mundo mira aterrado como a Amazonia arde.

A esta situación hai que sumar os monocultivos de soia transxénica, que obedecen a un modelo deseñado só para grandes extensións de terra e que, polo mesmo, xerou acaparamento de terras e deforestación nos países onde se expandiron. Tres destes países enfrontan agora incendios masivos: Brasil, Bolivia e Paraguai. O ex ministro de Agricultura Blairo Maggi, coñecido





como “o rei da soia” e o maior produtor e exportador da oleaginosa, dixo que temía un boicot a produtos brasileiros (mais non pola destrución da selva).

Tamén en Paraguai a deforestación veu da man da expansión da soia transxénica e a gandeiría, ao que se suman procesos de criminalización das comunidades e organizacións que defenden os seus territorios fronte á expansión deste modelo, e que agora son as principais vítimas dos incendios. Hai poucos días, a Oficina do Alto Comisionado de Dereitos Humanos das Nacións Unidas chamou a atención a Paraguai por problemas de violación de varios dereitos asociados a fumigacións con agroquímicos e o conseguinte envelenamento dos pobos, incluídos os nenos e pola contaminación da auga, o solo e os alimentos asociados co agronegocio da soia e do gando.

Mentres tanto en Bolivia, o goberno de Evo Morales autorizou aumentar a produción de soia transxénica para biodiésel. De acordo co Ministro de Hidrocarburos, Luis Alberto Sánchez, a fronteira agrícola deberíase aumentar nunhas 250 mil hectáreas, e que o país podería ampliar a súa fronteira agrícola ata catro millóns de hectáreas de soia. Isto é moi significativo, tomando en conta que, de acordo co Censo Agropecuario, a área total sementada no país é de 2.760.238,6 hectáreas, das que o 60,8%, se cultivan en Santa Cruz. A ampliación de 250 mil ha significará ampliar a fronteira agrícola nun 10%, o que ocorrerá posiblemente sobre bosques amazónicos cruceños.

Mentres tanto en Bolivia, o goberno de Evo Morales autorizou aumentar a produción de soia transxénica para biodiésel. De acordo co Ministro de Hidrocarburos, Luis Alberto Sánchez, a fronteira agrícola deberíase aumentar nunhas 250 mil hectáreas, e que o país podería ampliar a súa fronteira agrícola ata catro millóns de hectáreas de soia. Isto é moi significativo, tomando en conta que, de acordo co Censo Agropecuario, a área total sementada no país é de 2.760.238,6 hectáreas, das que o 60,8%, se cultivan en Santa Cruz. A ampliación de 250 mil ha significará ampliar a fronteira agrícola nun 10%, o que ocorrerá posiblemente sobre bosques amazónicos cruceños.

O agronegocio amazónico / chaqueño forma parte do negocio agroalimentario global. Gran parte da soia producida nesta

rexión, termina nas granxas avícolas chinesas (que agora son o primeiro produtor mundial de polos, cunha alta porcentaxe destinada á exportación). Nun contexto de guerra económica entre China e Estados Unidos, as relacións entre o Cono Sur e China incrementanse.

Pola súa banda, a industria de engorde e cría de porcos e aves en corral en toda Europa dependen en grande parte da soia sudamericana. Prevese que estes problemas poderían intensificarse coa sinatura do Tratado de Libre Comercio Mercosur / Unión Europea, porque o fluxo de mercadorías dende o Cono Sur (na súa concepción máis ampla inclúe Arxentina, Chile, Paraguai, Uruguai e os estados máis ao sur de Brasil) a Europa acelerarase.

As redes sociais dan conta desta preocupación. Deuse o salto de “rezar pola amazonia” #PrayForAmazonia a “actúa pola Amazonia” #ActForAmazonia, e as organizacións sociais, grupos de mocidade e de mulleres tamén formulan que non é o lume o que destrúe a Amazonia, senón o capitalismo.

O venres pasado, centos de miles de persoas en todo o mundo citáronse fronte ás Embaixadas de Brasil, para clamar pola indolencia do goberno brasileiro fronte a esta catástrofe ambiental que nos afecta a todos.

No caso de Ecuador, chamaron a atención ademais ao goberno ecuatoriano polo avance petrolero sobre o Parque Nacional Yasuní, pola mineiría en Kimsacocha e Tundayme no Cordal do Cóndor, pola deforestación no Chocó-Andino ecuatoriano, e polos moitos outros lugares de sacrificio que hai no país. 🧠





Meritxell Rigol

Entrevista a Miriam Nobre

Meritxell Rigol

El Crític

*“As mulleres son a variable de axuste
nun sistema que fai imposible a vida”*

Miriam Nobre (Brasil, 1965), membro da **Marcha Mundial de Mulleres**, incorporou á dieta algunhas raíces que comunidades tradicionais de Vale do Ribeira (São Paulo) manteñen na súa alimentación, libre da “homoxeneización alimentaria que sufrimos na cidade”. Di que comer faille ben, ao corpo e tamén á coraxe, aínda máis necesaria en tempos de crecentes ataques aos dereitos e ás persoas que os defenden. Coa entidade **Sempreviva Organização Feminista**, Nobre traballa en proxectos de agroecoloxía e economía feminista. Son dúas pezas da resistencia que a activista considera que hai que estender e combinar ante os abusos empresariais e contra o medo que o ultraconservadurismo consegue mobilizar. A punto de facer o primeiro ano da vitoria electoral do exmilitar Jair Bolsonaro, Nobre estivo en Barcelona para participar na xornada **“A bolsa ou a vida: transnacionais e feminismos”**.

Nove meses despois da chegada da ultradereita á presidencia de Brasil, os e as activistas tedes detectado máis indefensión e impunidade que antes do goberno de Bolsonaro?

A inseguridade polas activistas medra dende o golpe [o proceso de destitución de Dilma Rousseff, que en 2016 puxo punto final a trece anos de goberno do Partido dos Trabalhadores]. Dende o 2016, o grao de ofensiva contra as mulleres que loitan pola defensa dos seus territorios, indíxenas, quilombolas, campesiñas, xa ía en aumento. O que pasa agora é que aumenta a sensación de impunidade diante destes crimes. Cando se deu o golpe, preguntamos ás compañeiras como o sentían as comunidades e explicábanos que cambiara o xeito como os terratenentes as miran, porque saben que xa non teñen o apoio a escala nacional que tiñan para loitar. **O que vexo que cambiou despois das eleccións é a criminalización das loitas. Utilízase a excusa da corrupción para castigar a xente activista.** En São Paulo, de onde eu son, por exemplo, vese no movemento de loita pola vivenda. O discurso da corrupción para criminalizar os movementos sociais intensificouse despois da elección de Bolsonaro e súmase o discurso de odio. Tamén é característico deste período, como tamén o son as ameazas a través das redes sociais. Son ameazas que non son directamente do Estado, pero si do grupo social e as organizacións que sustentan a Bolsonaro. Unha compañeira que organizou a Fronte Evanxélica polo Aborto Libre sufriu moita presión e exiliouse.





Mural de Ailén Possamay, Argentina

As defensoras dos dereitos das mulleres están sufrindo a intensificación dos ataques?

Son o albo dos ataques todas as persoas que defenden o territorio: o territorio-natureza e o territorio-corpo. As feministas son un obxectivo porque o discurso que sustenta Bolsonaro é un discurso conservador. A xente que está en situación de inseguridade polo ultraneoliberalismo; a xente que non ten traballo ou que está súper explotada, quere seguridade. E ten unha seguridade baseada na familia tradicional. As feministas e as persoas non conformes ás normas de xénero son a ameaza de destruír esta seguridade. Preséntase a ideoloxía de xénero como o grande problema que hai que xestionar e conseguiu mobilizar moito. Aumentaron os asasinatos de mulleres 'trans' cometidos con crueldade e todas as políticas de fortalecemento das mulleres, no plano económico e cultural, caeron. Eu traballo con campesiñas e as políticas de fortalecemento por este colectivo xa ían decaendo deseguido, pero agora fóronse totalmente. Nun contexto de gran desocupación, explotación da xente e endebedamento –que é unha maneira de manter a xente funcionando, traballando explotada–, os espazos políticos que gaña a extrema dereita sostéñense no medo a que a situación poida empeorar; medo de perder poder dentro da túa familia.

Segundo moitas activistas brasileiras, a actividade económica e os postos de traballo xerados polas empresas transnacionais nos territorios onde viven non supón desenvolvemento. Que é desenvolvemento, dende a súa perspectiva?

Mellor non utilizar o término desenvolvemento. Transmite a idea de que o obxectivo é chegar a reproducir o funcionamento da sociedade e a economía do Norte global, que só funciona porque explota as persoas e a natureza no Sur. Temos que recoñecer que as comunidades sustentan a vida e tamén que hai límites. A idea de progreso, de desenvolvemento,

de crear lugares de traballo, é un mecanismo de sedución que, a carón da coacción, mantén o sistema. Pero despois atopamos, por exemplo, como a empresa Vale, coa explotación mineira, asasinou o río Doce; contaminouno con tóxicos. É un río enorme que pasa por varios estados, por varias comunidades, do que viven pescadores, con cidades próximas, de onde a xente saca e consume a auga. A intensidade da explotación mineira fixo que se romperan os diques que contiñan os residuos. A contaminación chegou ao mar. Ao romper os diques, a destrución foi enorme e morreron máis de 200 persoas. Por que se intensificou tanto a explotación mineira? Baixaran os prezos e necesitaban un nivel de comercialización que mantivera os beneficios dos investidores. O peor é que non temos mecanismos para que situacións como estas non se repitan.

O Estado español é o que máis inviste no conxunto de América Latina e é, á vez, o que recibe máis inmigración proveniente da rexión. Ata que punto o poder corporativo ten que ver coas decisións, ou necesidades, que levan ás persoas a emprender migracións de países do Sur ao Norte global?

Se as empresas destrúen as condicións de supervivencia das persoas nos seus países, chega un momento en que non queda outro remedio que migrar. E así se sustenta unha cadea internacional de coidados. Aquí necesitanse moitos coidados. Moitas das mulleres que migran dedícanse a coidar. Así, aquí resólvese a situación e non se buscan maneiras colectivas de coidar as persoas, sobre todo, as persoas maiores. Individualízase o problema en cada familia, que o resolve mercantilizando o coidado de maneira precaria. Á vez, as mulleres que traballan de coidadoras envían remesas de diñeiro aos seus países, que así contan con divisas. Estas divisas serven mesmo para pagar os royalties [pago polo uso de patentes ou dun produto] ás transnacionais que teñen actividade. Son diñeiro que envían as empresas aos seus países de orixe. Ata pasa con





McDonalds. Xa sabemos facer bocadillos en Brasil! Por que temos que enviar royalties aos Estados Unidos para facelos? Pero o feito é que temos que enviar divisas e, en América Latina, moitas veces proveñen das remesas de diñeiro das persoas migradas. É un círculo cun alto grao de explotación.

No proceso de acumulación de poder por parte das transnacionais, que papel xogan os Tratados de Comercio e Investimento?

Os mecanismos de acumulación controlados polas transnacionais xa os temos instaurados nos países. Os tratados, a medida que se van definindo, o que fan é que sexa moi difícil volver atrás e cambiar a situación. En Brasil vémosto no caso da educación superior: nos anos do goberno Lula-Dilma houbo unha expansión do acceso á educación superior. O goberno de Bolsonaro recortou moito o orzamento das universidades. Agora en outubro, xa non teñen diñeiro para o funcionamento cotián. Van pondo algo máis por aquí, algo máis por alá... e isto crea moita presión aos rectores das universidades. O recorte afectou a todas as universidades, pero nun inicio o ministro de educación dixo que recortaría naquelas nas que houbera “lío”; é dicir, aquelas nas que hai vida, militancia, reflexión... A alternativa que dá o goberno á caída dos apoios económicos aos estudantes con baixos recursos é un programa de financiamento privado das universidades públicas, a través de vender accións das universidades públicas á bolsa. Isto crea as condicións para as negociacións de servizos que están en xogo no acordo entre a Unión Europea e Mercosur. Os tratados fan que privatizacións como esta se volvan unha norma e non se poida volver atrás.

Ante os impactos da actividade económica das transnacionais sobre as persoas e a natureza, temos que mirar cara as comunidades tradicionais e aprender, segundo o teu parecer.

Nas comunidades non todo funciona á perfección. Temos que crear espazos nos que as mulleres poidan expresar os seus desexos, recoñecer o que ten que cambiar na experiencia das comunidades, e tamén recoñecer o que é bo, e crear condicións a fin de que estas experiencias se expandan cara a máis territorios. Temos que atopar outros xeitos de organizar a vida. Isto choca frontalmente coa estrutura do goberno de Bolsonaro. Defende unha ideoloxía conservadora que está de acordo co proceso de acaparamento brutal que as transnacionais queren facer no noso país. E as mulleres viven no núcleo detodo isto: para conseguir o grao de equilibrio na explotación do traballo e da natureza e que algunhas persoas continúen vivas e traballen para eles. As mulleres, para as familias, fan de “almofada”. As mulleres están súper explotadas no traballo remunerado e no traballo non remunerado nas casas. Fan así porque queren aos seus, porque queren soste a vida, e á vez é unha enerxía que está sostendo as cousas tal como están. É contradictorio. As mulleres son a variable de axuste nun sistema que fai imposible a vida.

Como podemos reformular a economía para orientala cara ao ‘bo vivir’?

Por exemplo, eu traballo no plano local, e nas comunidades, coas mulleres, intentamos robustecer a produción que obteñen na súa horta. Combinamos a produción para o consumo propio, o da familia e o da comunidade, coa produción para a venda, que permita ter acceso ao diñeiro, porque vivimos nunha sociedade hexemonicamente capitalista na que necesitamos diñeiro. Dende esta experiencia de equilibrio entre entrada de diñeiro e produción para o autoconsumo, a doazón e o troco, intentamos estar en relación coas persoas da cidade, porque consumen de xeito diferente. E isto implica ter un compromiso político, mesmo para atopar tempo na vida para cociñar e facelo de maneira compartida. Temos que producir “o bo vivir” dende nós mesmas, empezando por limpar a nosa casa e preparármolos a comida. Temos que ampliar as posibilidades de facelo diante dos ataques que recibimos as comunidades, tanto no campo como na cidade, onde hai xente que, por exemplo, loita pola vivenda, okupa ou intenta producir alimentos, disputándose o espazo metro cadrado a metro cadrado co capital.

No reto de construír resistencias diante do poder das corporacións, atribúes un papel específico ás mulleres?

Sen querer botar maior responsabilidade sobre as mulleres, penso que a experiencia de coidar, de estar atentas ás persoas, dános unha mirada necesaria no momento no que estamos a vivir. Levar esta experiencia ao facer política é vital. **Hai que fortalecer as iniciativas de resistencia, crear relacións entre si e contar con territorios de liberdade nun momento de tanto acoso e odio.** Temos que conservar as sementes de esperanza e liberdade. E vivilas. Necesitamos vivilas ante os ataques que a xente está sentindo ao corpo e á saúde mental. O reto é cómo auto-coidarnos para non ser capturadas polo seu esforzo de esmagarnos co medo e manter a crítica en todos os ámbitos da vida. 🧠

Coa colaboración de “Cataluña No a los TCI”.



Defensa dos ríos Oxec e Cahabón



Colectivo Ecoloxista Madreselva

Violación
do dereito
á consulta,
criminalización
e xudicialización
do pobo Maya
Q'eqchi' de
Santa María
Cahabón

En 2015, as comunidades Q'eqchi's do municipio de Santa María Cahabón, departamento de Alta Verapaz, no norte de Guatemala, decátanse da construción dunha obra de cemento sobre o río Oxec e, outra, na canle do río Cahabón. Acoden á Municipalidade de Santa María Cahabón, á Procuraduría de Dereitos Humanos PDH, para solicitar información sobre o que está a ocorrer nos dous ríos. A información non se lles dá e é por outros medios que as comunidades saben dos proxectos hidroeléctricos.

As comunidades, preocupadas, designan a autoridades Q'eqchi', entre elas o profesor Bernardo Caal Xol, nunha asamblea na que participan 56 comunidades de Santa María Cahabón. Na súa calidade de representantes das comunidades, interpoñen denuncias e realizan accións ante o Procurador de Dereitos Humanos –PDH–, Procuraduría Xeral da Nación –PGN–, o Ministerio Público –MP–, Oficina de Control de Áreas de Reservas do Estado –OCRET–, e a Comisión Internacional contra a Impunidade –CICIG–, para denunciar e demandar a investigación sobre as accións ilegais cometidas polas empresas Oxec S.A. e Oxec II S.A. en Santa María Cahabón. En primeiro lugar a violación do dereito á información e consulta ao pobo Q'eqchi', no outorgamento de licenzas ambientais e concesión do río Cahabón por 50 anos. Aínda máis, acúsaselles de delito ambiental pola tala sen licenza de 15 hectáreas de bosque natural, na área de construción das hidroeléctricas. Por apropiación ilegal dun terreo nacional e a privación do acceso á auga

aos habitantes indíxenas Q'eqchi' das ribeiras dos ríos Oxec e Cahabón. **As empresas Oxec, ante estas denuncias, reaccionan ameazando e criminalizando sistematicamente aos opositores aos seus proxectos.**

A asamblea de comunidades de Cahabón acorda que Bernardo Caal, co acompañamento e apoio legal do Colectivo Ecoloxista Madreselva, interpoña unha acción legal de amparo contra a decisión do Ministerio de Enerxía e Minas –MEM, de efectuar a concesión do río Cahabón aos dous proxectos hidroeléctricos. Este recurso de amparo lévase á Corte Suprema de Xustiza –CSJ–, en decembro de 2015. O profesor Bernardo Caal é o asinante.

A Corte Suprema de Xustiza –CSX–, outorga amparo provisional a favor das comunidades e orde suspende as licenzas dos proxectos ata que sexa realizada debidamente a consulta ás comunidades Q'eqchi'. As empresas OXEC S.A. e o Ministerio de Enerxía e Minas –MEM apelan inmediatamente e presentan probas falsas de que o MEM realizara unha consulta. Ante isto a CSX revoca o amparo provisional. Bernardo Caal e o Colectivo Madreselva apelan esta resolución e o caso elévase ante a Corte de Constitucionalidade –CC– para dar unha sentenza definitiva.

As comunidades Q'eqchi's, no ano 2016, solicitan a realización dunha Consulta Municipal de Veciños fundamentada no Código Municipal e o Convenio 169 da Organización Internacional do Traballo –OIT–, presentando máis de 4 mil sinaturas que sobrepan o 10% do padrón electoral,





requisito legal para solicitar a Consulta. Despois de insistir a través de reunións co Alcalde e Consello Municipal, co acompañamento de persoal da oficina do procurador de Dereitos Humanos, a consulta é convocada mediante acordo polo Concello Municipal, realizárase o 31 de xullo de 2016. Dous días antes da data, a empresa OXEC S.A. interpón un amparo en contra da realización da consulta de veciños ante o Xulgado de Primeira Instancia da cabeceira departamental de Cobán de Alta Verapaz. En menos de dúas horas, o xuíz Cesar Adolfo González Del Cid outorga amparo provisional á empresa e impide a consulta municipal, conminando á Policía Nacional Civil-PNC, a intervir. Ante esta ameaza á veciñanza de Santa María Cahabón a consulta non se realiza.

A Corte Suprema de Xustiza-CSX outorga amparo definitivo a favor de Bernardo Caal en xaneiro do 2017 suspendendo as licenzas dos proxectos Oxec e esixindo ao MEM que sexa realizada a Consulta. As empresas OXEC S.A. e o MEM apelan inmediatamente ante a Corte de Constitucionalidade-CC e, co apoio de todas as organizacións e cámaras empresariais de Guatemala, comezan unha intensa campaña de presión política e mediática aos maxistrados da CC. Ao mesmo tempo, lanzan unha violenta campaña mediática de difamación contra Bernardo Caal, Ana Rutilia Ical e o Colectivo ecoloxista Madreselva. A empresa OXEC S.A., fabrica unha acusación falsa, en contra do profesor Bernardo Caal, polo Delito Especial de Estafa, acusándoo de non ter traballado durante o período que formou parte do Sindicato de Traballadores da Educación – STEG–, e foi despedido inxustamente a través dunha acta ilegal faccionada polo comité executivo do STEG. A pesar de ser probada a falsidade do documento, o Ministerio Público emite unha orde de captura en contra de Bernardo co obxectivo de paralizar a súa actividade de defensa e demanda de xustiza para o río Cahabón.

Finalmente, despois de 5 meses de presión mediática das cámaras empresariais, a Corte de Constitucionalidade (que a través dunha mega sentenza estruturada emite un fallo que, se ben reconece que OXEC S.A. violou os dereitos das comunidades Q'eqchi' e outorga o amparo a favor de Bernardo Caal Xol) fixa un prazo de un ano prorrogable ao MEM para realizar a Consulta, conmina ao Congreso da República a emitir unha lei de Consultas, pero non suspende a operación e construción dos proxectos Oxec, tal

como foi reclamado polas comunidades a través do interpoñente.

Esta sentenza é rexeitada polas comunidades Q'eqchi' de Cahabón que deciden organizar canto antes unha Consulta Comunitaria “de Buena Fe”, baixo os principios do Convenio 169 da OIT nas 195 comunidades do municipio de Santa María Cahabón. A sentenza tamén é rexeitada por 32 representantes das Autoridades Indíxenas de todo o país, e polas federacións sindicais autónomas que teñen representación na OIT, nun comunicado conxunto con organizacións sociais.

A Consulta Comunitaria “de Buena Fe” baséase no dereito á libre determinación e en base ao código municipal vixente sobre o dereito do pobo a ser consultado e decidir sobre os recursos de xurisdicción municipal, esta convócase e lévase a cabo o día 27 de agosto de 2017, informando debidamente á poboación con procedementos, normas e tradicións do pobo Q'eqchi', en asamblea comunitaria e expresando o voto a man alzada, por homes e mulleres Q'eqchi' que responden así á pregunta pronunciada no seu propio idioma e en castelán: –Se están a favor ou en contra de que se utilice a auga dos sagrados ríos Oxec e Cahabon para a instalación e funcionamento das hidroeléctricas Oxec e Oxec II–. A organización, execución, conteo e resultado da consulta contou coa participación de observación local, nacional e internacional dando o resultado seguinte:

- 26.537 votos en contra.
- 12 votos a favor.
- 5 Abstencións.

Un aspecto a resaltar é que a participación numérica da poboación na consulta superou a dos últimos procesos electorais neste municipio.

É especialmente relevante a importante participación das mulleres Q'eqchies na organización e realización desta consulta e en todo o proceso de loita que se levou a cabo desde que iniciou en 2015. Isto demostra o alto grao de conciencia, de respecto pola natureza e a participación organizada para non permitir o despoxo dos seus ríos, o sangue da Nai Terra. As mulleres Q'eqchi' teñen agora máis coñecemento das leis e os seus dereitos, e isto contribuíu a unha mellor ubicación do seu papel de defensoras de dereitos e dos retos na loita por alcanzar unha vida digna. 🌱



Documental 'As sementes de Berta Cáceres'

Montse Carrillo

Educación Entrepobos



*Partindo da figura
de Berta Cáceres,
o documental
percorre as
sementes que
sementou*

Berta foi asasinada en marzo de 2016, sendo coordinadora do Consello Cívico de Organizacións Populares e Indíxenas de Honduras (Copinh), no contexto da loita do pobo lenca da comunidade de Río Blanco contra o megaproxecto hidroeléctrico Agua Zarca, en defensa do territorio e os bens naturais.

As mobilizacións da comunidade, a denuncia permanente e as alianzas internacionais conseguiron, de momento, paralizar a reanudación, pero os homes e mulleres líderes da comunidade continúan a ser ameazados. O documental percorre esta loita concreta coa intención de erguer a ollada e pór o foco *nun modus operandi* compartido por empresas involucradas en mega-proxectos no conxunto de América Latina, ben sexan hidroeléctricos, mineiros ou de agricultura intensiva, así como na necesaria implicación e complicidade do capital do norte global.

Por iso sinala cómo bancos, fondos de investimento e empresas europeas teñen sido imprescindibles para o desenvolvemento do proxecto. E cómo os Tratados de Comercio e Investimento asinados con Europa, Estados Unidos ou China, son unha peza clave para facilitar os investimentos extractivistas e depredadores do territorio das empresas transnacionais. Pero tamén divulga a solidariedade internacional que permitiu facer campañas de denuncia e presión cara a estas empresas e cara aos gobernos. Unha gran rede de complicidades entre movementos sociais centroamericanos e euro-

peos para esixir xustiza, e un tratado da ONU que penalice as transnacionais que violen os dereitos humanos.

Esta alianza entre as comunidades en resistencia coas organizacións de Europa foi clave para deter o proxecto polo momento. Mais o proxecto atópase detido, non cancelado definitivamente.

A medida que os focos da comunidade internacional que iluminan un conflito van esvaeendo, regresan as estratexias para impoñer que estes proxectos volvan reinar na escuridade, e as comunidades volvan sufrir as ameazas e a criminalización. Por iso **segue a ser vital nestes momentos continuar acompañando ás comunidades lenca e a todas as comunidades indíxenas e campesiñas que no mundo loitan para defender o seu territorio e os bens naturais**, ou, o que é o mesmo, o futuro de todos e todas nós, e das xeracións futuras, nun planeta vivible.

As mulleres que loitaron ao lado de Berta Cáceres, como Rosalina Domínguez, Berta Zúniga ou Miriam Miranda coinciden na idea expresada por esta última, coordinadora xeral da Organización Fraternal Negra Hondureña (OFRANEH): "Pensaban que matando a Berta matarían a loita, pero Berta fue semiente que se multiplicou".

O documental ten unha duración de 45 minutos e é unha produción do Colectivo de Periodistas Contrast e Entrepobos, co apoio de Lafedec, mediante a bolsa de DevReporter da Unión Europea. 





Pluriverso. Un diccionario do post-desenvolvemento

O que ata agora se botaba en falta era unha ampla compilación transcultural de conceptos concretos, visións do mundo e prácticas de todo o planeta que cuestionasen a moderna ontoloxía universalista e defendese unha multiplicidade de mundos posibles. De aquí a reivindicación de *pluriverso*.

Contamos para iso con máis de cen entradas doutras tantas autorías. Somos plenamente conscientes das lagoas temáticas e xeográficas, pero **ofrecemos o libro como unha introdución, unha invitación a explorar o que percibimos como maneiras de ser relacionais. Iso implica refacer a política segundo os conceptos profundamente asumidos.**

O libro presenta unha confluencia de visións económicas, sociopolíticas, culturais e ecolóxicas de alcance global. Os autores e autoras dos ensaios son persoas intensamente comprometidas coa visión do mundo ou coa práctica que describen: dende resistentes indíxenas a rebeldes de clase media.

O *Diccionario* sae do que é convencional no seu xénero ao constar de tres partes. Estas son o reflexo do emocionante proceso histórico no que actualmente se atopan numerosos académicos, académicas e activistas:

■ O desenvolvemento e as súas crises: experiencias mundiais

■ Universalizar a Terra: solucións reformistas

■ Un pluriverso dos pobos: alternativas transformadoras

O libro propón poñer a proba todos os nosos actos segundo os parámetros de equidade social, sabedoría ecolóxica, diversidade cultural e democracia económica e política. Ten acceso todo o mundo a medios de vida significativos? Hai unha distribución interxeracional xusta do bo e do malo? Estanse superando as discriminacións –tradicionais ou modernas– baseadas no xénero, a clase, a etnicidade, a “raza”, a casta ou a sexualidade? Incúlcense a paz e a non violencia en todos os ámbitos da vida comunitaria, por máis que en determinadas e puntuais situacións poida xustificarse a violencia como vía de autodefensa ante forzas opresoras? Están os medios de produción e reprodución economicamente controlados e distribuídos de forma xusta? Relaciónanse os seres humanos cos seres non humanos de forma respectuosa e mutuamente beneficiosa?

Ofrecemos este *Diccionario* coa esperanza de que contribuirá a fomentar a procura colectiva dun mundo ecoloxicamente sensato e socialmente xusto. Alimentamos a esperanza de que favorecerá unha idea que vai gañando terreo, a favor dunha confluencia mundial de alternativas, en liña coa experiencia india de Vikalp Sangam. 🌱



PODES ATOPARNOS EN

ANDALUCÍA

■ C/ José M^a Moreno Galván, 18, Bl.K - 2º B
41003 Sevilla • T. 616 564 551

✉ ep.andalucia@entrepueblos.org

📘 entrepueblos.sevilla

ASTURIAS

✉ ep.asturies@entrepueblos.org

CASTELA-A MANCHA

✉ ep.castillalamancha@entrepueblos.org

CASTELA-LEÓN

✉ ep.valladolid@entrepueblos.org

✉ ep.burgos@entrepueblos.org

✉ ep.zamora@entrepueblos.org

✉ ep.cyl@entrepueblos.org

✉ ep.palencia@entrepueblos.org

🌐 entrepueblosvalladolid.wordpress.com

📘 entrepueblosencastillayleon

🐦 @EntrepueblosV

CATALUNYA

■ C/ August 21, entl. 1a • 43003 Tarragona

■ C/ Raiers 13 • 25500 La Pobra de Segur
(Lleida)

■ Av. Meridiana 32, ent. 2ª (esc. B)
08018 Barcelona

✉ penedes@entrepueblos.org

🌐 entrepoblespenedes.wordpress.com

🌐 entrepoblesbarcelona.wordpress.com

@EntrePobles_Tgn

📘 EntrePobles-Camp-de-Tarragona

📘 EntrepoblesPenedes

COMUNIDADE DE MADRID

✉ ep.madrid@entrepueblos.org

📘 EntrepueblosMadrid

EUSKAL HERRIA

✉ herriarte@gmail.com

ILLES BALEARS

■ C/ Carme, 6 • 07701 Maó (Menorca)

✉ mallorca@entrepueblos.org

📘 EntrePobles-Mallorca

LA RIOJA

■ Apdo. 1.327 • 26080 Logroño

PAÍS VALENCIÀ

■ C/ Sant Isidre 9 • 03803 Alcoi

■ C/ Venezuela 1 • 03610 Petrer

■ Paratge Sant Josep. C. Pipa 7
12600 Vall d'Uixó (Castelló)

✉ paisvalencia@entrepueblos.org

✉ alacant@entrepueblos.org

🌐 entrepoblesalacant.wordpress.com

📘 EntrepoblesPaisValencia

REXIÓN DE MURCIA

✉ marcuba3@gmail.com

CONTRIBUCIONES ECONÓMICAS

IBAN (ES05) Triodos Bank (1491) Oficina (0001) Núm. c.c. (21-3000079938) • Avinguda Diagonal, 418, 08037 Barcelona

EntrePobos - BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Solicitud de ingreso como socio/a

Nome e apelidos

..... NIF *

Data de nacemento

Enderezo

C.P. Poboación

Teléfono Profesión

E-mail

Cota anual 75 € ó €

Se ten dificultades económicas pónase en contacto
para flexibilizar tu contribución.

EntrePobos recomienda fixala no 0,7% do salario.

Orde de pago para a Entidade Bancaria

Banco / Caixa

NUMERO DE CUENTA - IBAN															
IBAN	ENTIDAD	SUCURSAL	D.C.	NÚM. CUENTA											

Prégolles que desde a presente pague os meus recibos que a ONG
EntrePobos les presente al cobro con cargo a mi cuenta.

Nome e apelidos

Enderezo

C.P. Poboación

Sinatura

*NIF indispensable para a dedución do IRPF

Aviso legal: De acordo co Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 ("RGPD"), a Asociación Entrepueblos/Entrepobles/Entrepobos/Herriarte garante a confidencialidade e seguridade no tratamento dos datos de carácter persoal, que se usará só para formalizar o rexistro e recibir a información como socio/a e non será transferida a terceiros en ningún caso. Pódese exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través do noso enderezo postal (Avda. Meridiana 30-32, entl. 2o B • 08018 Barcelona)